UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Ortopodoloxía I | | Código | 750G02115 | |
| Titulación | | | | | |
| Descriptores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 1º cuadrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 | |
| Idioma | CastelánGalegoInglés | | | | |
| Modalidade docente | Híbrida | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Ciencias da Saúde | | | | |
| Coordinación | Pérez García, Sergio | Correo electrónico | sergio.perez.garcia@udc.es | | |
| Profesorado | Pérez García, Sergio | Correo electrónico | sergio.perez.garcia@udc.es | | |
| Web | moodle.udc.es | | | | |
| Descrición xeral | Un dos campos terapéuticos conservadores baseados na aplicación das leis biomecánicas ás disfuncións morfolóxicas e funcionais do pé que a podoloxía pode prescribir e aplicar, é o campo da ortoprotésica e os seus dispositivos, cuxos fundamentos teórico-prácticos estúdanse na materia de ortopodoloxía. Os dispositivos ortoprotésicos a medida ou prefabricados, demostraron en numerosos estudos clínicos a súa eficacia tanto na redución da sintomatoloxía, como na recuperación da funcionalidade de diversas situacións patolóxicas debidas a alteracións estruturais ou funcionais do pé ou da repercusión destas sobre outras estruturas do aparello locomotor.<br><br>O obxectivo xeral da materia Ortopodoloxía I é introducir aos estudantes no campo terapéutico da ortoprótesis, no uso e a indicación de produtos sanitarios ortoprotésicos, proporcionándolles unha formación básica de coñecementos teóricos e destrezas prácticas, co fin de que adquira as competencias relacionadas coa prescrición, deseño e obtención das principais ortesis e próteses do pé. Para lograr este fin, a materia consta dunha parte teórica de 4 créditos, e unha parte práctica de 2 créditos, que representan en total 46 horas de traballo presencial para o estudante. | | | | |

| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos<br><br>Non se realizarán cambios<br><br>2. Metodoloxías<br><br>*Metodoloxías docentes que se manteñen<br><br>? Traballos tutelados (con Atención personalizada) (computa na avaliación)<br><br>? Atención personalizada<br><br>*Metodoloxías docentes que se modifican<br><br>- Prácticas de Laboratorio<br><br>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<br><br>- Correo electrónico: Diariamente. De uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.<br><br>? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumando. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver as ?Discusións dirixidas?, a través das que se se pon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia.<br><br>? Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade.<br><br>4. Modificacións na avaliación<br><br>*Observacións de avaliación:<br><br>- Se as autoridades plantexan de novo un estado de confinamento total, o plan de continxencia para a asignatura Ortopodoloxía 1 prevée que se pase de formato presencial a formato online (Moodle) e que a proba pase a constar de 30 preguntas test sobre a materia.<br><br>- Neste caso de urxencia, plantexaráse unha addenda da materia na que se compensará a porcentaxe de evaluación de cada metodoloxía en base á perda propocional en semanas e horas.<br><br>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía<br><br>Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle. |
|---|---|

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe |
|---|

| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
|---|---|---|---|
| Contextualizar a ortopodoloxía no ámbito xeral da podoloxía e interrelacionala có resto dos campos terapéuticos podolóxicos | A106<br>A107<br>A108 | B28<br>B30 | C9<br>C12<br>C14<br>C16 |
| Analizar o concepto xeral de ortopedia. Conocer o uso e a indicación de produtos sanitarios vinculados á podoloxía | A107<br>A108 | B23<br>B25<br>B28 | C9<br>C11<br>C12<br>C14<br>C16 |
| Saber utilizar a maquinaria e instrumental propios do taller ortopodolóxico, utilizados na obtención de tratamentos ortopodolóxicos, aplicando as medidas básicas de prevención de accidentes. | A103<br>A104<br>A109<br>A111 | B33<br>B37<br>B39 | C17 |
| Describir as características e indicaciones dos materiais terapéuticos utilizados no proceso de obtención de tratamentos ortopodolóxicos e seleccionar ditos materiales aplicando criterios relacionados coas súas propiedades biomecánicas ecaracterísticas físicas. | A108 | B23<br>B30<br>B36 | C16 |
| Seleccionar o sistema de obtención de moldes e os materiais terapéuticos necesarios para a obtención dunha ortesis plantar ou dixital e obter os moldes dos segmentos anatómicos da perna e o pe mediante diferentes sistemas de impresión | A103<br>A106<br>A109 | B23<br>B25<br>B28 | C9<br>C11<br>C16 |
| | A106<br>A108<br>A111 | B23<br>B25<br>B28<br>B30 | C9<br>C14<br>C17 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| UNIDADE 1<br>INTRODUCIÓN Á  ORTOPODOLOXÍA: CONCEPTOS BÁSICOS, ORIXE E DESENVOLVEMENTO | Tema 1<br>Introdución: a  ortopodoloxía no contexto xeral da Podoloxía. Orixe e desenvolvemento da  ortopodoloxía.<br>Tema 2<br>Conceptos básicos de  ortesioloxía e  protesioloxía do membro inferior. Dispositivos orto- protésicos de aplicación na rexión anatómica do nocello e o pé.<br>Tema 3<br>Produtos sanitarios  orto- protésicos: aspectos legais do proceso de prescrición, obtención e control de calidade<br>Tema 4<br>Aplicación do método científico á  ortopodoloxía: a podoloxía baseada na evidencia. A historia clínica en  ortopodoloxía<br>Tema 5<br>Ortopodoloxía e calzado. Introdución ao concepto terapéutico do calzado |

| | |
|---|---|
| UNIDADE 2<br>MATERIAIS TÉCNICOS UTILIZADOS NO PROCESO DE OBTENCIÓN DAS ORTO-PRÓTESES | Tema 6<br>Propiedades físicas dos materiais técnicos e terapéuticos utilizados no proceso de obtención dos tratamentos ortopodolóxicos<br>Tema 7<br>Clasificación xeral segundo o seu uso técnico e características específicas do materiais<br>Tema 8<br>Criterios de selección dos materiais técnicos e terapéuticos |
| UNIDADE 3<br>FUNDAMENTOS DE ORTESIOLOXÍA PLANTAR E DIXITAL | Tema 9<br>Conceptos básicos de ortesioloxía plantar: Teorías biomecánicas das orteses plantares<br>Tema 10<br>Conceptos xerais do deseño e metodoloxía de obtención dunha ortese plantar. Partes dunha ortese plantar.<br>Tema 11<br>Avaliación da eficacia terapéutica dun dispositivo orto- protésico: control de calidade<br>Tema 12<br>Conceptos xerais de ortesioloxía dixital: metodoloxía de obtención. Tratamentos ortesiolóxicos provisionais: obxectivos e composición. |
| UNIDADE TEÓRICO-PRÁCTICA 1<br>O TALLER ORTOPODOLÓXICO | Tema TP 1.1<br>Requisitos básicos dun taller ortopodolóxico para a obtención de tratamentos ortoprotésicos<br>Tema TP 1.2<br>Composición e funcionamento da maquinaria e instrumental propios do taller ortopodolóxico<br>Tema TP 1.3<br>Prevención de riscos no taller ortopodolóxico |
| UNIDADE TEÓRICO-PRÁCTICA 2<br>CONCEPTOS BÁSICOS DO PROCESO DE OBTENCIÓN DE MOLDES E DESEÑO DE ORTESES | Tema TP 2.1<br>Conceptos xerais do proceso de obtención de moldes da rexión anatómica do nocello e o pé<br>Tema TP 2.2<br>Metodoloxía de obtención de moldes en escaiola<br>Tema TP 2.3<br>Metodoloxía de obtención de moldes en escuma fenólica<br>Tema TP 2.4<br>Outros sistemas de obtención de moldes<br>Tema TP 2.5<br>Criterios de selección das técnicas de obtención de moldes<br>Tema TP 2.6<br>Conceptos xerais do deseño de orteses plantares. |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A106 A107 A108 A111 B23 B25 B28 B33 B36 B37 C9 C11 C12 C14 C16 | 21 | 31.5 | 52.5 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Prácticas de laboratorio | A103 A104 A109 B30 B39 C17 | 18 | 27 | 45 |
| Seminario | A104 A106 A108 B23 B36 B37 B39 C9 C11 C14 C16 C17 | 7 | 10.5 | 17.5 |
| Recensión bilbiográfica | A106 A108 A111 B23 B25 B28 B36 C9 C11 | 0 | 12 | 12 |
| Proba mixta | A103 A107 A108 A109 A111 B25 B28 B30 B33 B36 C12 C14 C17 | 2 | 20 | 22 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Sesión maxistral | As sesións maxistrais consisten en clases expositivas-participativas dos contidos básicos da materia, con apoio de imaxes, vídeo, etc. As sesións maxistrais centraranse na exposición e debate dos contidos principais do temario.<br>Facilitarase aos estudantes o temario cos contidos teóricos básicos da materia, así como material para traballar na aula ou fóra dela. Todo o material estará accesible para o alumnado na plataforma MOODLE  https:// campusvirtual. udc.es/ moodle/. |
| Prácticas de laboratorio | As prácticas de laboratorio teñen como obxectivo que o alumnado:<br>1. Describa a composición e o funcionamento dun taller  ortopodolóxico e identifique os principais riscos de accidentes asociados ao seu uso<br>2. Manexe os equipos e o instrumental necesario para a obtención de  moldes e tratamentos  ortopodolóxicos, aplicando as normas de seguridade e prevención de riscos<br>3. Obteña os diferentes  moldes parciais e totais da extremidade inferior, mediante as técnicas contrastadas de maior uso na actualidade<br>4. Identifique os diferentes materiais terapéuticos utilizados na obtención de  ortesis plantares e dixitais<br><br>Para as prácticas de laboratorio o estudante debe de descargarse o guión e o temario teórico práctico correspondente á práctica, que estarán a disposición do alumno na facultade virtual (Moodle). |
| Seminario | Nos seminarios abordaranse de forma participativa, temas específicos das unidades didácticas do temario da materia, sobre os cales se desenvolverán actividades en grupo, preferentemente, mediante a resolución de cuestións relacionadas cos temas impartidos. Traballaranse competencias específicas da materia e transversais como a procura de documentación, a discusión de resultados o fomento do inglés. |
| Recensión bilbiográfica | A  recensión bibliográfica é unha actividade individual consistirá na lectura crítica de artigos científicos e outros documentos relacionados cos contidos da materia; as bases da actividade poñeranse a disposición do alumnado ao comezo do curso académico na facultade virtual. |
| Proba mixta | Exame con preguntas de proba obxectiva e preguntas de proba de desenvolvemento. No exame incluiranse preguntas relacionadas cos contidos desenvolvidos tanto nas sesións maxistrais, como nos seminarios e nas prácticas de laboratorio. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |

| | |
|---|---|
| Recensión bilbiográfica | A atención personalizada desenvolverase de forma programada nos horarios do profesor de atención ao estudante, para a atención presencial; e a de forma virtual, por correo electrónico e outros medios telemáticos que permitan a plataforma virtual. A atención personalizada está destinada a resolver calquera tema relacionado coas diferentes metodoloxías e/ou contidos da materia.<br><br>Para a recensión bibliográfica, de ser necesario, planificarase unha sesión presencial para todo o grupo na aula, sesión de 1 hora de duración, co fin de resolver aquelas cuestións que non se puideron resolver por outros medios. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Recensión bilbiográfica | A106 A108 A111 B23 B25 B28 B36 C9 C11 | As actividades relacionadas coa recensión bibliográfica son de carácter sumativo (non obrigatorias). A súa cualificación especificarase no documento descritivo da actividade e que se publicará na facultade virtual. | 10 |
| Seminario | A104 A106 A108 B23 B36 B37 B39 C9 C11 C14 C16 C17 | As actividades relacionadas cos seminarios son obrigatorias na súa 80% (con control de asistencia) e non se poden recuperar ou substituír por outras actividades da materia. A cualificación de cada actividade do seminario especificarase coa actividade proposta.<br><br>O feito de ser obrigatorio nun 80% a asistencia aos seminarios, non garante ningunha puntuación se a actividade realizada non se realiza conforme á proposta.<br><br>ALUMNADO CON MÁTRICULA PARCIAL: Os estudantes matriculados oficialmente na modalidade parcial están exentos de asistir aos seminarios. No seu lugar deberán de presentar as actividades que se programen para os seminarios no tempo e forma que se dará a coñecer unha vez constatada a existencia de alumnado matriculado nesta modalidade. | 10 |
| Proba mixta | A103 A107 A108 A109 A111 B25 B28 B30 B33 B36 C12 C14 C17 | Exame con preguntas de proba obxectiva e preguntas de proba de ensaio. No exame incluiranse preguntas relacionadas cos contidos dos temarios desenvolvidos tanto nas sesións maxistrais, como nos seminarios e nas prácticas de laboratorio. Co exame facilitarase a información sobre a puntuación das preguntas.<br><br>Para superar a materia é necesario obter polo menos o 50% da cualificación total da proba. | 60 |
| Prácticas de laboratorio | A103 A104 A109 B30 B39 C17 | A asistencia ás prácticas de laboratorio é obrigatoria na súa totalidade para superar a materia.<br>Realizarase un exame práctico con preguntas teórico-prácticas sobre os contidos da materia desenvolvidos nas prácticas. Para obter o apto nas prácticas de laboratorio, débese de contestar / realizar correctamente o 50% das actividades e/ou preguntas do exame, ademais de asistir á totalidade das prácticas. | 20 |

| Observacións avaliación |
|---|

Para superar a materia é necesario obter unha avaliación favorable (50% das respostas correctas do exame) da proba mixta, así como asistir á totalidade das prácticas de laboratorio e obter a cualificación de apto no exame práctico final (50% do peso da cualificación das prácticas), así como asistir e superar o 80% das actividades obrigatorias programadas nos seminarios (a excepción do alumnado con matrícula parcial).

Convocatorias de segunda e posteriores matrículas: Para aqueles estudantes que cursasen a materia e realicen e superen as prácticas de laboratirio obrigatorias, poden volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só ao exame teórico final, tendo en conta que a cualificación do exame téorico fará media coas cualificacións das prácticas de laboratorio, actividades de seminario e recensión do curso académico no que curse a materia e supere ditas probas.

A cualificación de matrícula de honra, dado o seu carácter graciable, concederase automaticamente ao alumnado que obteña un 10 na cualificación media da materia. De darse o caso de que haxa máis estudantes con esa cualificación que matrículas se poidan outorgar pola cota oficial establecida, convocarase a todos os estudantes para a realización dunha proba específica de desempate, proba que consistirá en novo exame de características similares ás da proba mixta, exame que se fixará en data e hora de acordo cos interesados/ as. En caso de non existir ningún estudante con cualificación de 10, todo o alumnado que obteña unha cualificación media superior a 9.5, requisito básico para optar á matrícula de honra, poderán optar á matrícula de honra previa solicitude ao profesor e mediante a superación da proba anteriormente descrita.

Outorgarase a cualificación de non presentado a aqueles estudantes que non acudan á proba mixta.

## Fontes de información

| | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | - (). .<br>LIBROS / MONOGRAFÍAS (Destacan por ser libros de consulta na súa totalidade para a materia Ortopodoloxía en xeral) Generalitat Valenciana. Fabricación a medida de productos sanitarios ortopodológicos en la Comunidad Valenciana. Valencia: Generalitat Valenciana, Consellería de Sanitat-Agencia Valenciana de Salut; 2006Levy AE, Cortés JM. Coordinadores. Ortopodología y Aparato Locomotor. Ortpedia de pie y tobillo. 1ª ed. Barcelona: Masson; 2003Vázquez B. Editor. Manual de Ortopodología. 1ª ed. Barcelona: Ediciones Especializadas Europeas; 2009 Queralt Mª. Editora. Manual de Técnicas en Ortopodología. 1ª ed. Barcelona: Ediciones Especializadas Europeas; 2004Philps JW. The functional foot orthosis. 2ª ed. New York: Churchill Livingstone; 1995Ribes R, Ros P. Inglés Médico. 1ª ed. Madrid: Panamericana; 2010CAPÍTULOS DE LIBROS (nos que se fundamentan os contidos básicos da asignatura)Introducción a la Ortoprotésica. En: Prat J. Coordinador. Guía de uso y prescripción de productos ortoprotésicos a medida. 1ed. Valencia: Instituto Biomecánico de Valencia; 1999. p. 19-84.Ortesis plantares y calzado ortopédico a medida. En: Prat J. Coordinador. Guía de uso y prescripción de productos ortoprotésicos a medida. 1ed. Valencia: Instituto Biomecánico de Valencia; 1999. p. 447-490.Pratt D, Tollafield D. Una introducción a las terapéuticas mecánicas. En: Turner WA, Merriman LM. Habilidades clínicas para el tratamiento del pie. 2ª ed. Madrid: Elsevier; 2007. p. 211-29.Richie D. Orthotics. In: Di Giovanni C, Greisberg J. Coordinadores. Foot & Ankle: Core Knowledge in Orthopaedics. 1ª ed. Philadelphia: Elsevier; 2007. p. 16-37.Donattelli R, Wooden M. Biomechanical orthotics. In: Donatelli R. Coordinador. Biomechanics of the foot and ankle. 2ª ed. Philadelphia: F.A. Davis Company; 1996. p. 255-79.Casting Techniques. In: Michaud T. Foot Orthoses and other forms of conservative foot care. Newton Massachusetts; 1997. p. 193-202Laboratory preparation and orthotic fabrication. In: Michaud T. Foot Orthoses and other forms of conservative foot care. Newton Massachusetts; 1997. p. 203-21Orthotic dispensing, shoe gear, and clinical problem-solving. In: Michaud T. Foot Orthoses and other forms of conservative foot care. Newton Massachusetts; 1997. p. 223-35Losito J. Impression casting techniques. In: Valmassy R. Coordinador. Clinical biomechanics of the lower extremities. 1ª ed. St. Louis Missouri: Mosby; 1996. p. 279-94.Jones L. Prescription writing for functional and accommodative foot orthoses. In: Valmassy R. Coordinador. Clinical biomechanics of the lower extremities. 1ª ed. St. Louis Missouri: Mosby; 1996. p. 295-306Olson W. Orthotic materials. In: Valmassy R. Coordinador. Clinical biomechanics of the lower extremities. 1ª ed. St. Louis Missouri: Mosby; 1996. p. 307-26.Kirby K. Troubleshooting functional foor orthoses. In: Valmassy R. Coordinador. Clinical biomechanics of the lower extremities. 1ª ed. St. Louis Missouri: Mosby; 1996. p. 327-48Whitney A, Whitney K. Padding and Tapping Therapy. In: Levy L, Hetherington V. Editors. Principles and pratice of Podiatric Medicine Vol. 2. 2ª ed. Maryland: Data Trace PC; 2006.ADEMÁIS DESTA BIBLIOGRAFÍA BÁSICA, NA PLATAFORMA VIRTUAL POÑERASE A DISPOSICIÓN DOS ALUMNOS ARTÍGOS CIENTÍFICOS RELACIONADOS CO TEMARIO BÁSICO DA MATERIA |
| **Bibliografía complementaria** | Kirby K. <b>FOOT AND LOWEREXTREMITIES BIOMECHANICS: A ten year collection of Precision Intricast Newsletters</b>. Arizona: Precision Intricast Inc; 1998.Kirby K. <b>FOOT AND LOWEREXTREMITIES BIOMECHANICS II. Precision Intricast Newsletters, 1997-2002</b>. Arizona: Precision Intricast Inc; 2003. Kirby K. <b>FOOT AND LOWEREXTREMITIES BIOMECHANICS III. Precision Intricast Newsletters, 2002-</b>2008. Arizona: Precision Intricast Inc; 2009.Williams A, Nester C. <b>THE POCKET PODIATRY GUIDE: FOOTWEAR AND FOOT ORTHOSES</b>. London: Chuchill Livingstone Elsevier; 2010Kirby K. FOOT AND LOWEREXTREMITIES BIOMECHANICS: A ten year collection of Precision Intricast Newsletters. Arizona: Precision Intricast Inc; 1998.Kirby K. FOOT AND LOWEREXTREMITIES BIOMECHANICS II. Precision Intricast Newsletters, 1997-2002. Arizona: Precision Intricast Inc; 2003. Kirby K. FOOT AND LOWEREXTREMITIES BIOMECHANICS III. Precision Intricast Newsletters, 2002-2008. Arizona: Precision Intricast Inc; 2009.Williams A, Nester C. THE POCKET PODIATRY GUIDE: FOOTWEAR AND FOOT ORTHOSES. London: Chuchill Livingstone Elsevier; 2010 |

| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |

| |
|---|
| Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico Aplicadas/750G02132 |
| Anatomía xeral/750G02103 |
| Patoloxía Xeral Aplicada en Podoloxía /750G02102 |
| Podoloxía xeral /750G02110 |
| Bases Biolóxicas e Físicas do Movemento Humano/750G02106 |
| Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico/750G02108 |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| Biomecánica do Membro Inferior/750G02111 |
| Quiropodoloxía 1/750G02125 |
| **Materias que continúan o temario** |
| Prácticum I/750G02134 |
| Ortopodoloxía II/750G02116 |
| Ortesioloxía Dixital e Calzadoterapia /750G02117 |
| Ortopodoloxía Clínica/750G02118 |
| **Observacións** |
| <p>IMPORTANTE PRÁCTICAS DE LABORATORIO Para as prácticas de laboratorio é un requisito imprescindible para a súa realización acudir ás mesmas co guión e o material didáctico desenvolvido para cada práctica (a información e o material estará no campus virtual). Así mesmo é imprescindible acudir co seguinte material individual por alumno (de non ser fornecido polo centro): - Luvas de protección térmica - Lentes de protección - Máscara para filtro de partículas - Lapis  dermográfico ou  rotulador cirúrxico - Cinta métrica flexible (non metálica) -  Espátula -  Bol de goma - Bata longa abotoada - Tesoira grande (de xastre) (No campus virtual estará accesible un documento con información detallada do material, así como recomendacións para a súa adquisición)<br><br>AVISO Na primeira clase do curso, estableceranse os grupos de prácticas e a súa distribución no cronograma de prácticas, polo que é básico asistir a esa primeira clase de presentación da materia. </p> |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**